

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A COMPARTICIÓN DE INFRAESTRUTURAS, TÉCNICAS, E SERVIZOS COMÚNS QUE PERMITAN A RACIONALIZACIÓN DOS RECURSOS TIC

En Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Doutra parte, D.^a. M^a del Mar Pereira Álvarez, en nome e representación, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, no ejercicio das atribucións que teñen conferidas en nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Parlamento de Galicia (en adiante, o Parlamento) é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e que é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma Galega da que se derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia , xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente , segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución Española.






PARLAMENTO
DE GALICIA

No artigo 60 1. do Regulamento do Parlamento establecése que disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, especialmente de servizos técnicos, de documentación e de asesoramento.

Segundo.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega).

O artigo 1 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, dispón a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico. Correspóndeille as competencias de cara ao impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica no ámbito da Xunta de Galicia; a promoción e regulación da implantación da Administración electrónica no ámbito da Xunta de Galicia, da súa relación coa cidadanía, e noutras organizacións de ámbito local e provincial en coordinación coas administracións provinciais e locais correspondentes así como a interlocución e regulación de acordos con outras administración ou órganos en relación co emprego dos sistemas de información corporativos da Xunta de Galicia ou a interconexión con estes.

Terceiro.- Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público establece, no seu artigo 3, entre os principios xerais das Administracións Públicas, entre outros, a racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, así como os de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas.





XUNTA DE GALICIA



Cuarto.- O Parlamento e a Amtega, para garantir o mellor servizo aos intereses xerais, pretenden a formalización do presente convenio de colaboración no desempeño das tarefas de interese público que lles corresponden, cada unha actuando no marco das súas competencias.

Así, o Parlamento require a colaboración e asistencia instrumental da Amtega mediante a prestación por esta do acceso ao Catálogo de sistemas dixitais a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico e os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamiento dixital. A Amtega, de acordo coa normativa expresada, ten competencia para esta colaboración e apoio instrumental ao Parlamento.



O presente convenio de colaboración, polo tanto, busca a eficiencia na prestación dos servizos públicos e a realización das tarefas de interese público que lles corresponden ás partes cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispón o sector público autonómico.

En virtude do exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Parlamento e a a Axencia para a Modernización Tecnolólica de Galicia, para a compartición de infraestruturas, técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos TIC, e que se recollen no Anexo I a este Convenio de Catálogo de sistemas dixitais a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico necesarios para o funcionamento dixital.



Segunda.- Ámbito de aplicación.

As aplicacións e sistemas para o funcionamento dixital son o conxunto de solucións e infraestruturas informáticas necesarias para a dispoñibilidade dos procesos e servizos dixitais, que estandarizan e solucionan partes ou a totalidade do procedemento dun servizo electrónico.




No Anexo I a este Convenio recólleñense nun “Catálogo de sistemas dixitais” os sistemas, aplicacións e infraestruturas habilitantes da administración dixital na que se poñen a disposición, por parte da Amtega, dos órganos e entidades do sector público autonómico os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital, coa identificación das súas características técnicas e funcionais, así como a determinación do seu ámbito de utilización.

Mediante addenda a este convenio poderanse incluír no “Catálogo de sistemas dixitais” novos sistemas, aplicacións e infraestruturas habilitantes da administración dixital.

Terceira.- Compromisos da Amtega.

- A Axencia de Modernización Tecnolólica de Galicia prestará os servizos en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións de acordo co que dispoña o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolólica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro, o contrato plurianual de xestión da dita axencia e os correspondentes plans de acción anuais.

- A Amtega porá a disposición do Parlamento aquelas aplicacións ou sistemas, do Catálogo de sistemas dixitais, que pola súa situación tecnolólica ou funcional estean en disposición de ser utilizadas , podendo este adherirse ao seu uso.





En función das condicións e situación das aplicacións ou sistemas, estes poderán poñerse a disposición en diversas modalidades: reutilización da aplicación; posta a disposición do seu uso; utilización compartida e aquellas outras que en cada momento poidan ser de interese, segundo se recolle no Anexo I a este convenio.

- O nivel de prestación dos servizos e actuacións da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia levarase a cabo con arranxo a un plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión, segundo o establecido nas cláusulas seguintes.
- A prestación de novos servizos ou a ampliación dos actualmente existentes requirirá da formalización da correspondente addenda a este convenio, onde necesariamente figurarán as condicións necesarias para levalos a cabo.
- A Amtega asumirá, con carácter exclusivo e de acordo coas súas competencias, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións que resulte preciso realizar para a execución do presente convenio.

Cuarta.- Compromisos do Parlamento.

- Colaborar e prestar a asistencia que requira a Amtega no cumprimento das obrigas establecidas neste convenio.
- Facer un uso axeitado das solucións e infraestruturas informáticas do Catálogo de sistemas dixitais postas a disposición do Parlamento de Galicia necesarios para o funcionamento dixital.
- Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións e infraestruturas incluídas no presente convenio.



- Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa Institución, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións e infraestruturas do presente convenio que desexen utilizar.
- Facilitar, aos órganos da Amtega, a comprobación das condicións de uso e da implementación dos requisitos técnicos necesarios das solucións e infraestruturas do presente convenio que desexen utilizar. .

Quinta.- Financiamento.

As actuacións previstas no presente Convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.


Sexta.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolólica de Galicia e dous representantes do Parlamento, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

Pola Axencia para a Modernización Tecnolónica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolónica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da ÁREA de Modernización das Administracións Públicas, ou persoa que a substitúa.

Polo Parlamento, o Letrado Oficial Maior e a persoa titular da xefatura de servizo que teña entre as súas competencias as actuacións derivadas deste Convenio.

galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Ao final de cada anualidade a comisión de seguimento xerará un informe de estado e cumprimento anual do obxecto do presente convenio.


Sétima.- Medios humanos e materiais.

A Amtega, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a dirección, organización e xestión dos traballos, para o que dispón da estrutura e servizos técnicos suficientes, facéndose responsable da súa calidade técnica. A Amtega, procederá, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios para as indicadas funcións. Sen prexuízo da súa dirección, organización e xestión dos traballos, a Amtega poderá contratar as subministracións e os servizos externos que sexan necesarios para a súa realización material, cando non conte cos medios precisos para levala a cabo. Estes contratos someteranse sempre ao establecido na lexislación de contratos do sector público.

No caso de cesión de datos, a entidade contratada cumplirá as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

Oitava.- Duración do convenio e prórroga.

O presente convenio terá unha duración inicial de catro anos, dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa prórroga automática anual ata un máximo de catro anos, salvo renuncia formalizada por calquera das partes asinantes deste convenio con antelación á finalización do período correspondente.



Novena.- Resolución.

O presente convenio resloverase:

- Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan,
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas,
- Pola denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte con tres meses de antelación.

Décima.- Modificación.



Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

Undécima.- Protección de datos.

As Partes comprométense a respectar as previsións contempladas no Regulamento (UE) 679/2016 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento en relación cos datos persoais que, no seu caso, poidan ter acceso en virtude e en execución do presente convenio, así como a restante normativa vixente en materia de protección de datos.

Décimo segunda.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da Amtega que realicen as actividades obxecto deste convenio e o Parlamento.



Décimo terceira.- Natureza do convenio e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións .

Respecto do Parlamento de Galicia como primeiro poder público previsto no artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e ao abeiro da disposición adicional quinta da Lei 30/2015, seralle de aplicación a súa normativa específica , no marco que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada Lei.


Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito da aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo se especifica no seu artigo 6, ao non previsto aplicárselle os principios recollidos na citada Lei , co fin de resolver as dúbidas e omisións que puideran presentarse.

Mediante a firma do presente convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimiento os incidentes que poidan xurdir no seu cumprimento. As cuestións litixiosas que xurdan entre a partes durante desenvolvemento e execución do presente convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimiento someteranse a xurisdición contencioso- administrativa conforme ao disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Décimo cuarta.- Publicidade e inscrición en rexistros.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro.

galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.


En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar indicado no encabezamento.

O Presidente do Parlamento de Galicia



Asdo: Miguel Ángel Santalices Vieira

A directora da Axencia para a
Modernización
Tecnolóxica de Galicia



Asdo: Mª del Mar Pereira Álvarez

ANEXO I

CATÁLOGO DE SISTEMAS DIXITAIS

Chave365: Chave365 é o sistema que permite aos cidadáns maiores de idade identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico. Con Chave365, a persoa usuaria identifícase co seu NIF e clave persoal e asina electronicamente cun código, único para cada operación, que recibe no seu teléfono móvil.

Validación de certificados



O proceso de validación de certificados permite verificar a validez do certificado (calquera dos admitidos pola sede electrónica), ou certificados, empregados para asinar un documento. Os certificados admitidos son todos os certificados validados pola [plataforma @firma](#) da Administración Xeral do Estado.

Selado de tempo

O servizo de Selado de Tempos ten como obxectivo funcional a realización de operacións de selado de tempos segundo o estándar RFC 3161, que garante de forma legal e inequívoca que o documento non foi alterado dende o momento do seu selado.

Plataforma de contratos de Galicia

Emprego do perfil do contratante existente na plataforma de contratos de Galicia que integra toda a licitación da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento da Disposición adicional terceira da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de unidade de mercado que indica que deben estar interconectadas todas as plataformas de contratación.



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA